



www.oqueleo.com

© 1997, Ana Rossetti

© Da tradución: 2000, Antón Palacio

© Desta edición:

2018, Santillana Infantil y Juvenil, S. L. e Edicións Obradoiro, S. L.

Entrecercas, 2 - 15705 Santiago de Compostela

Teléfono: 981 552 740

ISBN: 978-84-16834-00-6

Depósito legal: M-1062-2017

Printed in Spain - Impreso en España

Segunda edición: maio de 2018

Dirección da colección:

Ana María Guerra e Maite Malagón

Editora executiva:

Yolanda Caja

Dirección de arte:

Xosé Crespo e Rosa Marín

Proxecto gráfico:

Marisol del Burgo, Rubén Chumillas, Julia Ortega, Álvaro Recuenco

Fran Ameixeiras e Ester Marín

Calquera forma de reprodución, distribución,
comunicación pública ou transformación desta obra
só pode ser feita coa autorización dos seus titulares,
agás as excepcións que establece a lei. Contacte con CEDRO
(Centro Español de Dereitos Reprográficos, www.cedro.org)
se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

Un baúl cheo de piratas

Ana Rossetti

Ilustracións de Alfonso Gómez

oqueleg

Estar estache moi bonito compartir os xoguetes coa cuadrilla, pero é que xa se estaban pasando. O xogo consistía en que o robot intergaláctico era un monstro que asustaba a xente e ocasionaba catástrofes. Entón a policía, co teléfono móbil, chamaba a ambulancia.


5

E a ambulancia acudía armando escándalo coa sirena a tope e as luces dando voltas.



Estes son os xoguetes.


6





A cuadrilla é esta.
Ou sexa, tres entre cinco.


É verdade que alguén tiña que se encargara de que os coches chocasen na autoestrada e de recoller os feridos para metelos na ambulancia. Pero a ninguén lle gustaba iso. E Chus encabuxouse porque nunca lle tocaba manexar o robot, nin facer de policía, nin conducir a ambulancia. E aínda por riba os xoguetes eran seus...



—Sodes uns babosos e uns merdentos.
Non quero xogar máis, acabouse.
E levo o meu teléfono, o meu robot
e a miña ambulancia para que non lles
poñades xamais as poutas enriba.

—Telo moi crido. Come os teus
xoguetes con patacas —contestáronlle
con mal humor.

9





Cris, Manu, Gabi e Toño
quedaron coa boca aberta.



E agora
que fazemos?

Pois
aburrirnos!

Pois eu
non me quero
aburrir: non é nada
divertido.

Buscamos
tesouros?

Estás mal da
cachola: iso é cousa
de piratas.

Pois sexamos
piratas.


Cumpría un barco e parches para o ollo esquerdo e unha bandeira de pirata.

—Chass, chass, chass... E sabres para a abordaxe! —dixo Toño.

—Non se aborda con sabres, besta, senón con fío e agulla —puntualizou Gabi.

12

—HA, HA, HA, HA, ISO É BORDAR!!!!
—corrixírono entre risas.



—Ben, pero non imos nin bordar nin abordar. Imos buscar tesouros —insistiu Gabi.

—Pois se non nos lanzamos á abordaxe para capturar o inimigo...

—dixo Manu.


—E se non os atamos ao pau maior...

13

—continuou Toño.

—E se non llelos botamos ás quenllas, non pirateamos nada... —seguiu dicindo Manu.

—E se non pirateamos, non sei que clase de piratas imos ser —concluíu Cris.



—Queremos ser piratas-piratas!
—decidiron todos.

—Pois veña, hai que preparar
a expedición —dixo axiña Cris.

Déronlle o mando a Cris por
unanimidade, pois sabía moito de pirataría.

14 De provisións, decidiron levar
só ron e galletas.

Necesitaban tamén unha rosa
dos ventos.

Gabi dixo que da rosa só vía as espiñas.

—Pero é que esas raias que están
tapando a rosa son todas as direccións
que existen —explicou Manu.

Manu encargouse de facer a bandeira
pirata porque tiña moi boa man.

O de Manu viña precisamente
de traballos «manuais». Nun papel foi
debuxando o que Cris lle ditaba.

